
CUSPIREI SOBRE AS VOSAS TUMBAS

Texto de **BORIS VIAN**

Tradución de **DAVID GIPPINI**

Deseño de portada de **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 148 páx. 13 €.

ISBN 978-84-96957-08-4. Narrativa K.


*Ninguén me coñecía en Buckton. Clem elixira a cidade por iso;
e, de todos os xeitos, mesmo se me acovardaba,
non me quedaba gasolina dabondo para continuar cara ao norte.
Cinco litros escasos. Xunto co meu dólar e a carta de Clem,
todo o que tiña.*

*Da miña maleta, mellor nin falar. Total, para o que había dentro.
Esquecíao: tiña tamén no cofre do coche o pequeno revólver
do rapaz, un triste 6,35 de ocasión; aínda o levaba no peto
cando o shériff veu dicirnos que levamos o corpo á casa
para enterralo.*

O relato da cruel vinganza contra unha sociedade opresora, excluín-te e marxinatora cos individuos doutras razas, aos que considera inferiores. Seguindo un plan premeditado, o protagonista participará en orxías onde o sexo e a violencia son a reacción de rebeldía ás convencións morais da época.

Boris Vian escribiu “J’irai cracher sur vos tombes”, novela sórdida, provocadora e desafiante, debedora da novela negra, en 1943. A súa publicación, baixo pseudónimo, estivo marcada polo escándalo que aínda hoxe acompaña a súa lectura, non recomendada para menores de 18 anos.

De ritmo áxil, linguaxe suxerente e directa, a intriga e a dureza do relato atrapan a atención dos lectores e lectoras, que verán posta a proba a súa sensibilidade en cada páxina. Saltándose todos os límites do politicamente correcto, esta “historia dunha vinganza” aporta unha visión diferente e mordaz sobre o fenómeno do racismo, ao tempo que rezuma a rabia, o odio e a carraxe das súas vítimas.



-
- **Temática:** historia dunha vinganza.
 - **Idade recomendada:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** sociedade norteamericana, moralidade, opresión, racismo; novela negra; intriga, violencia.
-

Boris Vian

(Ville D'Avray, París, 1920-1959)

Novelista e dramaturgo. Licenciouse como enxeñeiro industrial en 1943. Foi un gran afeccionado ao jazz e codeouse con intelectuais da talla de Jean Paul Sartre ou Albert Camus. Moitas das súas obras levaban pseudónimos como Bison Ravi, Hugo Hachebuisson ou Vernon Sullivan, nome co que asinou “Cuspirei sobre as vosas tumbas”. Deste título fíxose unha adaptación teatral, e en 1959 seguiuille unha versión cinematográfica. Morreu dun paro cardíaco, aos 39 anos, sentado na butaca do cine onde se preestreaaba a película, segundo a lenda que acompaña a vida de Vian, nome co que en 1997 chegaron a bautizar un asteroide. Foi autor doutros títulos, como “Todos os mortos teñen a mesma pel”, “Que morran os feos”, “A merenda dos xenerales”, “O outono en Pekín” ou “A espuma dos días”.